

**Cocos, monstros**

**CATEGORÍAS RELACIONADAS**

*Os trasnos Trubincos*



Sabemos dos trasnos Trubincos polo libro de **Rafael Quintía Pereira** “[Patrimonio Inmaterial de San Martiño de Salcedo. Lendas, historias e crenzas](#)”, onde nos conta:

*“En Salcedo atopamos unha particular variedade de trasno que vén facer fincapé na riqueza que ten Galicia en seres míticos. Refirome ós Trubincos, e deles faloume o Sr. Juan Piñeiro, da Cancela. Os Trubincos son unha caste de trasnos propios do Nadal. Estas criaturas amigas do enredo e de remexe-las cousas, baixan pola cheminea na noite de Noiteboa e se na casa non se teñen preparadas unas piñas con brea para darlles de agasallo fanche trasnadas e revólvenche todo no fogar”.*

A ilustración para o libro citado é obra de **Francisco Sutil**

## **BIBLIOGRAFÍA**

Rafael Quintía Pereira □ Património Inmaterial de San Martiño de Salcedo. Lendas, historias e crenzas □, Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA), 2014.